



O MUSEO PROVINCIAL DO MAR DE SAN CIBRAO: OS FACEDORES DE MUNDOS

Encarna Lago González e Silvia Fiallega Lorenzo

Introdución

O Museo Provincial do Mar é un dos catro museos que integran a Rede Museística Provincial xunto co Museo provincial de Lugo, San Paio de Narla e o Pazo de Tor. A Rede Museística Provincial ponse en funcionamento no ano 2006, co obxectivo de mellorar todas e cada unha das funcións definidas polo ICOM para os museos, cunha especial incidencia na responsabilidade social como institucións públicas.

A Rede é un organismo cun modelo de xestión próximo, en diálogo permanente coa sociedade. O noso principal obxectivo é tratar de cambiar a percepción dos nosos museos, convertelos en lugares de encontro, accesibles e inclusivos, espazos para a educación e a investigación. Fortalecer este vínculo coa sociedade é esencial para favorecer a identificación da cidadanía coas coleccións que custodiamos nos nosos museos, promovendo o sentimento de propiedade colectiva dos bens culturais e forxando o sentimento de comunidade. Queremos museos dinámicos e cheos de vida.

O Museo Provincial do Mar de San Cibrao constitúe un fiel reflexo desta filosofía, tanto a nivel museolóxico como a nivel de compromiso e integración social.

O novo plan museolóxico, deseñado para o Museo do Mar de San Cibrao, xurdiu dunha detida análise deste novo contexto social e trata de atopar resposta a unha única pregunta: o museo cumpre coas necesidades que a sociedade demanda ou podemos facer máis? Nosoutros cremos que si e para iso definimos “os comos”.

Definición da institución e exposición conceptual do Museo do Mar.

San Cibrao é terra de mar, foi berce de facedores de barcos e de homes afoutados, que a bordo deles peneiraron o mar para sacar del os seus froitos e foron quen de navegar ata afastados mundos. Mundos descoñecidos, mundos da memoria, historias para ser contadas que forxan o espírito dun pobo. O noso Museo do Mar é o seu mellor narrador.

O MUSEO QUE QUEREMOS. Nos últimos vinte anos véñse desenvolvendo, no ámbito dos museos, a “Nova Museoloxía”, unha corrente que busca a democratización da cultura, achegarlla a toda a sociedade. Por iso, moitos museos desprazaron o seu eixo de acción do obxecto ao visitante, pero, en moitos casos, esquecen a unha parte importante da nosa sociedade, aquelas persoas con algún grao de discapacidade, o que lles impide gozar con plenitude e en igualdade de condicións da experiencia cultural. Poucos son os museos que, hoxe en día, pensan na accesibilidade integral como unha prioridade á hora de investir nas súas novas montaxes.

A Rede Museística Provincial de Lugo leva máis de 10 anos loitando por facer accesibles os seus museos ao público discapacitado. O noso obxectivo é retirar o adxectivo excepcional na aplicación da accesibilidade. O Museo Provincial do Mar de San Cibrao constitúe un claro exemplo de museo inclusivo, con atención plena á diversidade. Elimináronse as barreiras de comunicación entre o museo e as persoas con calquera tipo de discapacidade visual, sensorial, intelectual ou con calquera tipo de enfermidade mental

(diminuídos psíquicos, síndrome de Down, autismo, alzheimer, etc..). O novo proxecto contou coa total implicación da veciñanza de San Cibrao, ligados ao museo por un sentir que vai máis alá das súas funcións como institución cultural.

Desde o seu nacemento como escola, sempre existiu unha fonda implicación social coa institución. Isto mesmo foi o que fixo da institución o primeiro museo do mar de titularidade pública de Galicia.

O Museo do Mar de San Cibrao, máis que calquera outro, está dotado dunha fonda raizame social, cunha relación de recíproca correspondencia co seu contorno sociocultural inmediato. O museo constitúe unha icona para a comarca e, sobre todo, para o pobo de San Cibrao, como elemento esencial da súa identidade.

Historia e carácter da institución

O edificio, que alberga o Museo Provincial do Mar, naceu para ser escola de San Cibrao, no ano 1931, por desexo de D. José M.^a Montenegro e da súa muller D.^a Manuela Goñi Maíste, emigrantes na Arxentina. A súa doazón permitiu construír un edificio de pedra de granito, dividido en dúas alas, unha para a escola masculina e outra para a feminina. Desde os anos corenta usábase tamén como Escola de Orientación Marítimo-Pesqueira. Mesmo compatibilizou, durante anos (1969-1988), as funcións de escola, no inverno, e de museo polo verán.

No 1969, o mestre, D. Francisco M. Rivera Casas, e 34 dos seus alumnos converteron as “Escolas Vellas” nun museo. Entre todos iniciaron un importante traballo de recompilación de obxectos mariños, que hoxe constitúen unha parte esencial dos fondos cos que actualmente conta a colección do Museo do Mar. Desde o ano 1994, o museo estivo xestionado pola asociación de veciños Cruz da Venta. A Deputación Provincial de Lugo, a través do Museo Provincial de Lugo, tomou o relevo na dirección, no 2004, e foi incluído na Rede Museística Provincial, desde a súa constitución, no ano 2006.

O Museo de San Cibrao é un museo de referencia para toda a comarca da Mariña de Lugo, directamente conectado coa identidade mariñeira das súas xentes.

Coleccións:

Gran parte dos fondos do museo proceden da colección iniciada polo mestre D. Francisco Moisés

Rivera Casás e das achegas e doazóns da veciñanza da zona, fundamentalmente, os membros da asociación Cruz da Venta e Mar de San Ciprián. Posteriormente, a Deputación trasladoulle ao museo a sección de Náutica do Museo Provincial de Lugo, no ano 1994.

Arquitectura:

O edificio orixinal foi remodelado e ampliado pola Deputación Provincial de Lugo, entre 1993 e 1994. O novo museo foi inaugurado, de novo, o 12 de agosto de 1994. Entre os anos 2010-2011, acometéronse unha serie de reformas que xiraron en torno a criterios de accesibilidade, tanto para a montaxe museográfica como para a circulación e o deseño de itinerarios. Constrúese unha rampla de acceso, repintáronse as instalacións, baseándose en criterios de contraste,



Fachada principal



Fachada posterior e rampla de acceso

para unha mellor percepción dos espazos e dos contidos para aquelas persoas con algún grao de discapacidade visual. Tamén se interviñeron a iluminación e a sinalética e foi reformado o baño para que puidera ser accesible a todos. Para todas estas reformas contouse co asesoramento e a colaboración desinteresada de diferentes asociacións e colectivos de discapacitados e de capacidades diferenciadas.

A nova formulación museolóxica do Museo do Mar

A principal potencialidade do Museo do Mar de San Cibrao é o seu posicionamento como referente cultural e identitario para o pobo de San Cibrao e o seu contorno. Este é un factor esencial para promover a participación activa da sociedade e conseguir un museo vivo.

A nova formulación museolóxica deseñouse sobre o criterio de ACCESIBILIDADE TOTAL, eliminando as barreiras físicas e facilitando a comprensión dos contidos teóricos. Feita a análise crítica da situación do museo, fomos definindo os principios do novo libro de ruta para ese novo museo que queríamos construír entre todos.

Un MUSEO DIDÁCTICO: un museo que foi escola e tiña que seguir sendo un instrumento para a aprendizaxe e a educación social; un medio para o intercambio recíproco de coñecemento, depositario non só de obxectos sen vida, senón do patrimonio inmaterial, da memoria histórica e das lembranzas que constitúen a identidade dun pobo.

Un MUSEO ADAPTADO: un museo accesible, tanto no discurso como na montaxe expositiva.

Un MUSEO SOCIAL que manteña un diálogo permanente co seu contorno.

UN MUSEO DE RAIZAME, CON SELO DE IDENTIDADE, CON SELO DE CALIDADE: os museos etnográficos son depositarios da memoria histórica dunha sociedade, do seu patrimonio inmaterial. O museo debe ser o vertebrador desas lembranzas, establecendo un diálogo directo coa xente que permita unha mellor comprensión dese pasado.

Un MUSEO DENTRO-FÓRA que estenda a acción fóra dos seus muros e manteña unha conexión viva coa súa orixe socio comunitaria.

Un MUSEO INTERACTIVO E DINÁMICO, en constante evolución e en continua construción. A progresiva introdución das novas tecnoloxías de comunicación facilitaránlle, a medio longo prazo, unha maior fluidez á conexión do museo co público e ampliará, de xeito ilimitado, o seu ámbito de acción (redes sociais).

Un MUSEO DO FUTURO: un museo próximo, pero aberto ao mundo, do local ao global. Queremos un museo vivo, humano, un museo no que, en palabras de Georges Henri Riviere, “o éxito non se mida polo número de visitantes que recibe, senón polo número de visitantes aos que ensinou algunha cousa”.

Programa expositivo.

O programa expositivo reorganizouse de acordo cun guión que permitise unha mellor comprensión dos contidos, deseñado sobre un percorrido que facilitase unha circulación coherente e ordenada polas salas. O visitante atopará, en cada sala, uns textos co relato completo que recrea un contexto específico para as pezas que se poden ver en cada unha das seccións. Cada unha destas follas de sala tamén se poden atopar en Braille; tamén se fixeron pictogramas para facilitarlles a comprensión dos contidos aos usuarios con algún tipo de autismo. Para os deficientes visuais totais, deseñáronse espazos onde se instalaron pezas para que puideran ser palpadas e manipuladas para un mellor coñecemento dos elementos e contidos de cada sala.

A distribución das salas segundo os seus contidos é a seguinte:

Entrada e sala 1

Sección 0: A escola. Un museo de todos, para todos

No acceso ao edificio é feita unha lembranza e unha homenaxe á súa función como escola de San Cibrao, dende o ano 1931. No espazo contiguo, un motor a vapor simboliza o corazón do museo, o latexo rexenerador que nos empurra cara adiante. Este espazo é o noso diario de a bordo, onde se recollen as testemuñas gráficas da nosa memoria histórica e se logran humanizar os obxectos que compoñen a colección. Neste espazo de transición, o visitante pode facer un percorrido polo pasado mariñeiro da vila e da comarca a través dunha importante colección de fotografías achegadas pola veciñanza.



Entrada



Sala 1

SALA 2:

Como fío condutor da sala 2, empregamos a sección da carpintería de ribeira, en San Cibrao, e as tipoloxías construtivas máis comúns que saíron dos seus estaleiros, exemplarizadas nalgún dos modelos de barcos expostos.

Sección 1.- A carpintería de ribeira, o caso de San Cibrao

A sección pretende resaltar o pasado de San Cibrao como berce de grandes carpinteiros de ribeira. Na *Geografía del Reino de Galicia*, (1933), Amor Meilán afirmaba que no s. XIV xa se construían carabelas nas

súas ribeiras. A puxanza definitiva da construción naval en San Cibrao veu da man do nacemento do complexo industrial de Sargadelos, a finais do s. XVIII. A raíz do incremento do fluxo comercial, tamén aumentou a demanda de construción de barcos de cabotaxe para o transporte das manufacturas e materias primas que demandaba a fábrica. Deste xeito, nos estaleiros da vila comezaron a construírse embarcacións a vela, de grande porte, para as rutas máis longas e embarcacións, con menor capacidade de carga, para desprazamentos de menor entidade. Para a pesca, facíanse grandes embarcacións de remo, como os traíñóns ou as chalupas, que se empregaban tanto para a caza da balea coma para a pesca da sardiña.

Nesta sala ocupa un lugar especial o banco do carpinteiro de ribeira, coas súas ferramentas para a construción das embarcacións de madeira. A introdución do ferro para a construción de barcos de carga, de maior tonelaxe, conduciu ao declive destas carpinterías, cuxa actividade se viu reducida a facer pequenas embarcacións de pesca e á realización de reparacións. Tiveron unha nova época de esplendor na década dos 60, do século XX, coa eclosión da pesca do bonito.

Sección 2.- Tipoloxía de barcos a vela construídos en San Cibrao.

Nesta sección podemos ver os diferentes modelos de barcos que nos permiten comprobar a evolución da construción naval e dos tipos de barcos ao longo da historia. Destacan os modelos que reproducen os barcos máis emblemáticos da historia local.

Sección 3.- A "arte de marear": mirando ao Norte. Os instrumentos náuticos e a navegación astronómica.

O dominio do mar supuxo unha ruptura irrevogable na concepción do mundo, tanto dende o punto de vista da razón como da fe. Esta é a argumentación que seguimos na montaxe desta sala. Queríamos que os nosos visitantes foran capaces de sentir as dificultades e penurias que viviron os mariños e navegantes do pasado. Nesta sala podemos facer un seguimento da transición da navegación, a estima empregada desde a Idade Media, onde o mundo da navegación constituía unha verdadeira arte, a "arte de marear", ata a introdución do compás náutico e o desenvolvemento da navegación astronómica, a partir do s. XVI. Comeza a Idade de Ouro dos descubrimentos. Isto vai constituír o revulsivo definitivo para o desenvolvemento da navegación como ciencia, producíndose a mellora de

instrumentos coñecidos e a aparición doutros novos, como o cronómetro náutico.

Nesta sección agrupamos algúns exemplos destes instrumentos de navegación, que levaron ao home a descubrir novas terras e a ampliar os seus horizontes, tanto os xeográficos como os intelectuais.

Reservamos un lugar especial na sala para as pezas procedentes de rescates subacuáticos, como é o caso dos restos do naufraxio da fragata Magdalena e do bergantín Palomo, ocorrido na ría de Viveiro, alá polo ano 1810.



Sala 2

SALA 3:

Divídese en tres seccións temáticas:

Sección 4: Os oficios do mar

Sección 5: Historia da pesca en San Cibrao: artes e aparellos de pesca.

Sección 6: Vida mariña: algo máis ca peixes

Nesta sala tómase o caso de San Cibrao como referencia para mostrar, desde o particular ao xeral, a simbiose construída entre os pobos litorais e o seu mar. Desta adaptación ao medio xorden oficios directamente vinculados aos labores de extracción do peixe, á súa elaboración e procesamento ou á súa comercialización e obxectos asociados a esas tarefas. Incluímos algunhas das artes de pesca empregadas polos mariñeiros de San Cibrao ao longo da súa historia.

Tamén se pode ver unha representación da fauna mariña, principalmente, pezas da colección de malacoloxía (un 70% do total dos fondos do museo), esqueletos totais ou parciais de animais mariños (mandíbulas de quenllas, espadas de peixe espada, esqueletos de golfiños, etc.), animais desecados (tartarugas), corais, fósiles, algas, etc.



Sala 3

SALA 4: Sección 7: Os cazadores de baleas

Quizais sexa a sala máis espectacular do museo. Nela podemos atopar restos óseos de baleas, recollidos nas inmediacións das praias de San Cibrao, en especial na de Cubelas, nas que se procesaban os cetáceos cazados nos ss. XVI-XVII.



Sala 4

A balea continuou sendo protagonista en San Cibrao ata ben entrado o s. XX; a caza da balea volveu a ser unha fonte de recursos destacada para a economía de local. A familia Massó, unha das principais sagas conserveiras de Galicia, instalou unha das súas factorías baleeiras en Morás (Xove).

Todas estas liñas de acción, levadas a cabo no Museo Provincial do Mar de San Cibrao, deben ser continuamente reexaminadas e avaliadas. Porque, se verdadeiramente queremos un "museo para todos, entre todos", "se queremos de verdade que alguén forme parte da nosa vida, Ꞥ remos o posible para darlles a benvida a estas persoas e acomodarnos ás súas necesidades", (Torrest, 1988).

